

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE ABRIL DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:00 horas do día 5 de abril de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 3 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 2b, 3b, 8, 9 e 10)
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 2a)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua (5.143-440) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 27 de marzo de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

- a) *“UTE FERROVIAL AGROMAN E ORECO, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%). Deberán presentar o compromiso formal de constitución da unión temporal asinado por persoa con poder de representación de cada unha das empresas e nomear a unha persoa como representante da UTE (non a unha das empresas) (artigo 24 RD 1098/2011, do 12 de outubro).*
- b) *SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA. Declara que pertence a un grupo de empresas e indica “NON participan en esta licitación que teñamos coñecemento ningunha empresa do grupo”. Para os efectos previstos no artigo 86 do RD 1098/2011, do 12 de outubro, cómpre que declare con certeza se algunha das empresas que pertencen ao seu grupo concorren a esta licitación e, no se caso, cales.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:38	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA54F-C4373H-58C8CC-VBMERG-5LD6QK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- c) *VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. Declara que pertence a un grupo de empresas, polo que deberá indicar se outras empresas do grupo concorren a esta licitación e, no seu caso, cales. Así mesmo, deberá declarar que se compromete a adscribir á execución do contrato os medios esixidos no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP”.*

Dos anteriores licitadores, todos presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
- UTE FERROVIAL AGROMAN E ORECO, S.A.
 - SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
 - VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 27 de marzo de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles á UTE NORFORMACIÓN, S.L.- CENTROS DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. para que emendase a documentación persoal:

- a) *“Ao concorrer ambas empresas en UTE, deberán presentar dúas declaracións (unha por cada empresa) asinada por persoa con poder de representación, ou ben unha declaración conxunta asinada por persoa con poder de representación de cada unha das empresas.*

A documentación dos sobres B e C (que aínda non se abriron) tamén debe vir asinada polos apoderados de ambas as dúas empresas; se non é así, poderían emendar, antes da súa apertura, ambas proposicións mediante escrito no que ambos apoderados manifesten que subscriben a proposición presentada para esta licitación na data 23 de marzo de 2018 (número de Rexistro 180043783), sen que en ningún caso adianten o contido das ofertas.

- b) *Así mesmo, deben indicar o correo electrónico que se empregará como medio de notificación”.*

O anterior licitador presentou documentación no prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Conceder á UTE NORFORMACIÓN, S.L.- CENTROS DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. un prazo de tres días hábiles para que emende a documentación presentada o 3 de abril de 2018, pois ao terse presentado a través do Rexistro Electrónico os documentos que achega debe estar asinados dixitalmente; en caso contrario, deberá presentar a documentación orixinal a través do Rexistro Presencial. Transcorrido este prazo se non emenda correctamente a documentación, non será admitido nesta licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:38	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA54F-C4373H-58C8CC-VBMERG-5LD6QK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua (5.143-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Faise constar que a empresa ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. presentou un único exemplar da documentación polo que se fixo unha copia polo Servizo de Contratación.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77)

Retírase da orde do día por ter acordado a Mesa no punto 2b requirir a unha empresa a emenda da documentación persoal.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego o 5 de abril de 2018 de valoración do sobre C “proposición avaliable a través de fórmula” coa proposta de clasificación.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que as empresas UTE PONTE DAS DONAS, S.L. - ARESTORA CONSULTORES, S.L., MANTELNOR OUTSOURCING, S.L. e SERVENTIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L., presentaron, en contestación ao requirimento acordado na sesión do 22 de marzo de 2018, e dentro do prazo concedido, o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321) (informe sobre C e proposta de clasificación)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego o 5 de abril de 2018 de valoración do sobre C “proposición avaliable a través de fórmula” coa proposta de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:38	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA54F-C4373H-58C8CC-VBMERG-5LD6QK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 20 de marzo de 2018, da empresa EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L. por non axustarse a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor ao prego de prescricións técnicas (cláusula 13.5c do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321) na seguinte orde descendente:

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL	Clasificación orde descendente
UTE INTEGRRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRRA MGSÍ CEE, S.L.	87,77	1
EULEN CEE, S.A.	82,55	2
PONTE DAS DONAS SL- ARESTORA CONSULTORES SL UTE	80,40	3
MANTENOR OUTSOURCING S.L	78,99	4
ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A.	74,32	5
SERVENTIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	73,76	6
RANDSTAD PROJECT SERVICES, S.L.U.	71,16	7
SERVICIOS SECURITAS S A	70,75	8
LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIOS Y MANTENIMIENTO INTEGRAL, S.L.	67,44	9
ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES SA	66,76	10
DIMOBA SERVICIOS, S.L.	60,46	11
MANPOWER BUSINESS SOLUTIONS, S.L.U.	40,17	12
SALZILLO SERVICIOS INTEGRALES SLU	32,82	13

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE INTEGRRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRRA MGSÍ CEE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:38	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA54F-C4373H-58C8CC-VBMERG-5LD6QK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.925,85 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613)**

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 27 de marzo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	MANTELNOR LIMPIEZAS , S.L.	100,00
2	SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L.	82,19
3	ITMA, S.L.U.	69,09
4	LIMPIEZAS CIES, S.L.	68,25
5	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.	67,88

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MANTELNOR LIMPIEZAS S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:38	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA54F-C4373H-58C8CC-VBMERG-5LD6QK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.887,74 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., o día 4 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de abril de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, agás os certificados de cumprimento das obrigas tributarias (co Estado e Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social, incluídos na certificación do Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa data non ten validez.

Desde o Servizo de Contratación comprobouse a citada documentación no Rexistro de Contratistas e constatouse que eses certificados son válidos ata o 15 de maio de 2018.

En base ao anterior a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:38	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA54F-C4373H-58C8CC-VBMERG-5LD6QK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



mediante fórmula, de datas 20 e 23 de marzo de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613) por un prezo total de 549.019,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 95.284,38 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:38	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA54F-C4373H-58C8CC-VBMERG-5LD6QK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		